



CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO DE CARA Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE AXUDANTE DOUTOR/A NO CURSO ACADÉMICO 2022/2023 CO FIN DE CONSOLIDAR O EMPREGO TEMPORAL

Aprobado no Consello de Goberno do 28/04/2022

O procedemento para a elaboración do POD 2022/2023, aprobado en Consello de Goberno do 28/04/2022, establece no seu punto 1.2 que se prioriza de novo o programa para reducir o número de Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución (CIS), que non fosen previamente Axudantes Doutores/as, e Asociados/as que podan cubrir necesidades estruturais e que contén cunha acreditación da ACSUG ou ANECA, e a súa transformación mediante concurso en Profesores/as Axudantes Doutores/as.

Co fin de levar a cabo este programa, establécense as seguintes normas:

1. Só se atenderán as solicitudes dos departamentos nos que, co PDA inicial aprobado no mes de abril de 2022 para o curso académico 2022/2023, se cumpra que as necesidades docentes superan a capacidade das áreas para as que se presenten candidatos/as.

Non contabilizará neste cómputo o profesorado subrogado desde o 01/08/2020 como consecuencia da integración do Grao en Turismo, que poderá optar a este programa co cómputo específico ás súas necesidades docentes e capacidade.

As prazas creadas no marco de programas específicos de captación (programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, InTalent, etc.) contabilizarán no cómputo da capacidade das áreas de coñecemento.

Para estes efectos enténdese por:

- **Necesidades docentes:** Horas correspondentes ás aulas presenciais e á dirección de TFG/TFM do encargo docente á área de coñecemento no PDA inicial do curso académico 2022/2023 de acordo co Art. 2 da Normativa pola que se regula a dedicación do Persoal Docente e Investigador (aprobada polo Consello de Goberno do 24/02/2022), excluíndo o encargo docente do Grao en Turismo que computará nas solicitudes presentadas para o seu profesorado.
- **Capacidade:** Suma dos seguintes compoñentes:
 - A.- Dedicación Académica do profesorado permanente da área de coñecemento, incluído o PDI con reserva de posto de traballo, de acordo co Art. 1 da mesma norma.
 - B.- Dedicación Académica do profesorado con compromiso de estabilización: a estes efectos a dedicación inicial deste profesorado será de 240 horas.

2. Os departamentos deberán presentar candidatos/as coa acreditación a Axudante Doutor/a ou superior.
3. Convocarase só unha praza de Axudante Doutor/a por área de coñecemento agás nos casos seguintes:

Código Seguro De Verificación	wJ8WNtJ1r2ydrzE6PHlzDg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	29/04/2022 12:50:21
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wJ8WNtJ1r2ydrzE6PHlzDg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- cando as necesidades docentes superen aínda a capacidade, engadindo as 240 horas dun eventual novo compromiso de estabilización, poderá convocarse unha praza adicional na área de coñecemento; neste caso priorizaranse as candidaturas presentadas na mesma área de acordo co nivel de acreditación, data de acreditación, e en caso de empate antigüidade na UDC
- cando a solicitude inclúa profesorado subrogado como consecuencia da integración do Grao en Turismo, que poderá optar a este programa co cómputo específico ás súas necesidades docentes e capacidade.

4. Poderán aprobarse **20 prazas** de Axudante Doutor/a, que se convocarán no último trimestre de 2022. Neste límite inclúense as candidaturas de profesorado subrogado como consecuencia da integración do Grao en Turismo. Os contratos correspondentes terán como data de inicio o 01/01/2023, sempre que sexan asinados con anterioridade.
5. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, terán preferencia as áreas con maior diferenza entre necesidades docentes e capacidade segundo o determinado no punto 1.
6. Estas transformacións supoñen o compromiso das áreas de asumir 270 horas de encargo docente no curso académico 2022/2023 e en ningún caso poderán xustificarse para a contratación de novo profesorado.

Disposición adicional

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente encargárase de elaborar a prelación de prazas, para isto realizará a correspondente convocatoria dirixida aos departamentos e poderá requirir a información que precise das persoas e departamentos afectados, así como dos servizos da UDC.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos da universidade o resultado da prelación, da que dará conta aos Representantes dos/as traballadores/as e ao Consello de Goberno.

Código Seguro De Verificación	wJ8WntJ1r2ydrzE6PHlzDg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	29/04/2022 12:50:21
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wJ8WntJ1r2ydrzE6PHlzDg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

